
NOVIDADES NA DECLARACIÓN DE SUPERFICIES DA SOLICITUDE ÚNICA 2019

Servizo Axudas Agrícolas da PAC

4.02.2019



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



ÍNDICE

- I. Actualizacións no SIXPAC
- II. Novidades destacables introducidas pola modificación do RD 1075/2014
- III. Cuestións a destacar na SU-2019
- IV. Outras cuestións a recordar

I – ACTUALIZACIÓNS NO SIXPAC

- Separación dos usos TA e PS de acordo coa serie de declaracións en 5 anos anteriores: **actualizados 20.536 recintos.**
- Actualizada a caché 2019 cos cambios de uso procedentes das alegacións e controis terreo da campaña 2018.
- Hai **139 concellos** con modificación de mallas catastrais debido ao “mantemento da **converxencia**” entre catastro e SIXPAC.
- Modificacións noutras capas SIXPAC: SIE, pastos permanentes, Elementos da paisaxe

I – ACTUALIZACIÓNS NO SIXPAC

PROVINCIA	FEGA					FOGGA						
	TA-PS	TDT	Recintos NOVOS	USOS/ EEPF por Nova ORTO		Alegacións	CT por SgaMcc		Condicionabilidade	Certif FO 2017	Viñedo	Peticións de oficio dos SSTT
	Recintos actualizados de TA a PS (declaracións 2014-2018)	Recintos actualizados con discrepancia de USO comunicada por TDT 28/12/2018	Recintos actualizados por Revisión de ortofoto declarados por primeira vez en 2018 con superficie maior de 3.000 m2	Recintos actualizados por Revisión de NOVA ortofoto 2017	Novos EEPF (liña ou polígono) identificados en NOVA ortofoto 2017	Recintos con alegación ACEPTADA	Recintos visitados en CT- MCC con actualización de USO/CAP/EP	DATA DE CAMPO en Recintos visitados en CT Clásico sen actualizacións	Recintos con actualización de USO/ CAP por Controis de Condicionabilidade	Recintos con actualización a uso FO / incidencia (1º e 2º envío)	Recintos con Revisión/ Fusión solicitada por REXISTRO VIT	Recintos con actualización USO/ CAP/ Incidencia
A Coruña	-	2.312	-	60.101	-	8.081	759	4.325	140	127	3	22
Lugo	-	1.357	-	83.987	-	10.416	1.840	18.262	72	306		63
Ourense	-		-	43.255	-	2.692	500	5.910	138	2.140	19	305
Pontevedra	-		-	27.599	-	3.458	380	5.548	236	499	113	20
TOTAL	20.536	3.669	7.735	214.942	101.732	24.647	3.479	34.045	586	3.072	135	410

II – NOVIDADES DESTACABLES INTRODUCIDAS POLA MODIFICACIÓN AO RD 1075/2014 (I)

- Nas superficies de **pasto en común non se permiten as labores de mantemento do anexo IV** para xustificar a actividade agraria (art. 11.2).
- **Non son admisibles parcelas declaradas durante os 5 anos precedentes coas actividades de mantemento do anexo IV, agás que o solicitante presente unha alegación ao Sixpac** (art.14.10)
- **Solicitude na S.U.** obrigatoria tamén para **declarantes do REXEPA** e para todas as parcelas da súa explotación (artigo 10.4).
- Parcelas agrícolas deberán estar a disposición do agricultor na data de remate do prazo de modificación da S.U. (art. 15)
- **Exceptúanse de declaración gráfica as superficies de pasto en común declaradas polos agricultores** (art. 92.4)

II – NOVIDADES DESTACABLES INTRODUCIDAS POLA MODIFICACIÓN AO RD 1075/2014 (II)

- **Os titulares catastrais** das parcelas declaradas na S.U. poden **consultar na sede electrónica do catastro**, determinada información sobre a declaración das súas parcelas (art.98.4)
- **No que respecta á declaración de superficies, no apartado III do anexo VII inclúense as seguintes modificacións:**
 - a) En **cereais ou oleaxinosas** a efectos estatísticos **indicarase se a semente utilizada é certificada ou provén do reemprego** e a variedade sementada para trigo duro e cáñamo.
 - b) **Millo modificado** xeneticamente, deberán declararse todos os cultivos que se realicen por campaña e parcela, indicando sempre o cultivo declarado a efectos de diversificación e outros cultivos. O agricultor presentará unha **declaración responsable** conforme é coñecedor da normativa aplicable neste cultivo.



II – NOVIDADES DESTACABLES INTRODUCIDAS POLA MODIFICACIÓN AO RD 1075/2014 (III)

c) **Cultivos hortícolas e froiteiras**, deberá **declararse anualmente** de forma gráfica toda a superficie de cultivo, a través da S.U.

e) No caso de superficies de froiteiras indicárase a especie, a variedade e o ano de plantación.

g) No caso de cultivos hortícolas, deberán especificarse as especies a implantar na campaña sobre a mesma superficie

➤ **No anexo XIV:**

Obriga de que a **autoridade xestora do comunal presenta unha declaración gráfica** antes ou durante o prazo de presentación da S.U.

III – CUESTIÓNS A DESTACAR NA SU-2019 (I)

➤ **Periodo principal de cultivo**

- Vai do **15 de xaneiro ao 30 de abril**. (Facilitará atopar no terreo os cultivos declarados) (Art. 34).

➤ **Teledetección e Monitorización**

- O **control da diversificación** no período principal de cultivo **requerirá Teledetección**
- Se aplicara a monitorización satelital no **concello de Forcarei**.

➤ **REXEPA**

- Obriga para outros agricultores (que non solicitan axudas) de presentar a SU, incluíndo todas as súas parcelas, para efectos da súa inscrición no REXEPA (Art. 10.4)



III – CUESTIÓNS A DESTACAR NA SU-2019 (II)

➤ Pastos de uso en común:

- **Non admisibles as actividades de mantemento** do anexo IV do Real decreto 1075/2014 (Art. 7.3)
- Os **representantes** do comunal deberán presentar a **declaración gráfica das parcelas** que forman o comunal (Art. 13.2)

➤ Superficies queimadas:

- **Non admisibilidade das superficies forestais de pasto queimadas** en 2018 (D.A. cuarta)

III – CUESTIÓNS A DESTACAR NA SU-2019 (III)

- **Intencionalidade:** poderase considerar sobredeclaración intencional, co conseguinte incremento da penalización, a reiteración en dúas campañas consecutivas dunha alegación ao Sixpac que resulte desestimada ou da declaración dunha parcela con duplicidade no control administrativo, que resulte validada a “0” nas dúas campañas (D.A. sétima).
- Incorporadas ao anexo III **dúas novas zonas de C.P.** na provincia de A Coruña.
- As comprobacións sobre o terreo da diversificación no periodo principal do 2019 esixirán, **teledetección**
- No caso do concello de Forcarei se executará por **monitoreo**.

III – CUESTIÓNS A DESTACAR NA SU-2019 (IV)

➤ Alegacións 2019

- Declaración gráfica obrigatoria nas alegación sobre parte dun recinto: tipo 3, 4, 5, 14 e 11. Para o resto dos tipos de alegación será opcional.
- Cando se declaren un cultivo principal e un secundario e no secundario se pretenda cambiar o uso (PS a TA, p.ex. declarando produto 63), **a aplicación de captura xa xenera a alegación** polo que **non haberá que “forzar” o cambio** de uso no cultivo principal. A alegación resolverase verificando a presenza do cultivo no verán.

III – CUESTIÓNS A DESTACAR NA SU-2019 (V)

➤ Alegacións 2019

- cambios de uso de FO a un uso agrícola ou viceversa:

Mantense a comunicación do cambio á unidade administrativa competente (art.20.6), pero elimínase a obriga ao agricultor de presentación de comunicación/autorización preceptiva (anexo 1.C.2) de acordo cos artigos 60 a 62 da Lei 7/2012 de montes de Galicia.

- Superficies non admisibles por ter sido declaradas con labores de mantemento durante máis de 5 anos consecutivos:

O declarante destas superficies, pode **recuperar e manter a admisibilidade** das mesmas, ben **pola** declaración dunha **utilización agraria** ou ben presentando unha **alegación ao Sixpac**.

III – CUESTIÓNS A DESTACAR NA SU-2019 (VI)

➤ Alegacións 2019

Tipo 12: Reinicio da actividade agraria. Incidencias 117, 158, 159

Reinicio da actividade agraria nun recinto afectado por algunha das seguintes incidencias do SIXPAC:

- Incidencia 117: Recinto con Cultivo Abandonado. O interesado non está de acordo coa consideración de cultivo abandonado do recinto.
- Incidencia 158: Barbeito de máis de 5 anos. O interesado pode demostrar que está exercendo unha actividade agraria de mantemento en dito recinto.
- Incidencia 159: Superficie queimada. O interesado considera que pode reanudarse a actividade agraria nos pastos afectados por un incendio.

IV – OUTRAS CUESTIÓNS A RECORDAR (I)

1. O período principal de cultivo

- “Irá do **15 de xaneiro ao 30 de abril**”.
- “As esixencias relativas ao número de cultivos e ás súas porcentaxes deberán respectarse na maioría do citado período”.

2. Requisitos das **SIE** (anexo VIII do RD 1075/2014)

- Superficies de barbeito 2019 non poden estar precedidas por CFN-SIE da campaña 2018
- Os CFN-SIE 2019 non poden ir seguidos por barbeitos

IV – OUTRAS CUESTIÓNS A RECORDAR (II)

3. Obriga para outros **agricultores** (que non solicitan axudas) de **presentar a SU**, incluíndo as súas parcelas, para efectos da súa inscrición no **REXEPA** (art. 10.4 da Orde)
4. No caso de que o agricultor declare un valor do CAP distinto aos **porcentaxes indicados no artigo 20.5 da Orde (25, 35, 45, 55, 65, 75, 85 ou 100)** “axustarase de oficio à baixa resultando aplicables as reducións e sancións correspondentes por sobredeclaración de superficies” (art. 20.5 da Orde).
5. **Non se considerarán pastos arbustivos ou con arboredo os límites dos recintos nin tampouco recintos ou partes de recintos inferiores a 0,3 hectáreas**, salvo que estean unidos a outras superficies de pasto da explotación con actividade de pastoreo e que en conxunto superen ese límite” (art. 20.5 da Orde).

IV – OUTRAS CUESTIÓNS A RECORDAR (III)

6. Obriga de mantemento dos **elementos da paisaxe** (en relación coa BCAA 7) agás daqueles que se indican expresamente na descrición desta BCAA no **anexo VII** sempre e cando a súa alteración veña motivada por razón da viabilidade económica da explotación. Para que dita alteración non dea lugar a un incumprimento da condicionalidade será necesario comunicala antes do 31 de maio mediante unha solicitud de modificación do SIXPAC (tipo 11) acompañada dunha memoria descriptiva dos motivos razoados que levan á modificación ou eliminación do elemento en relación coa viabilidade económica da explotación, así como das preceptivas autorizacións no ámbito correspondente. As solicitudes que non estean debidamente razoadas serán denegadas e, no seu caso, darán lugar a un incumprimento da condicionalidade. As solicitudes presentadas despois da notificación ou execución dun control sobre o terreo non serán tidas en conta para a campaña en curso e terán efectos para a campaña seguinte”.

IV – OUTRAS CUESTIÓNS A RECORDAR (IV)

7. No caso de **inactividade entre dous cultivos** (p.ex, monocultivo de millo: no verán de 2018 e no verán de 2019), no período principal haberá herba espontánea con restos da colleita de millo. Nesta situación **declararase o produto correspondente ao cultivo posterior ao período principal** (p.ex, millo (produto 4)) como cultivo principal. De acordo con indicacións recibidas do FEGA, neste tipo de situacións non se declara o produto 20 (barbeito non SIE).
8. Nos casos de **prado temporal sementado dentro dunha rotación tradicional** (o prado está presente un ou máis anos completos), declararase **produto 63**. Cinco anos seguidos con esta declaración daría lugar a un uso PS.
9. Se é necesario para solicitar axudas asociadas, poderá declararse como secundario (denominado agora “outro cultivo”) o cultivo do verán de 2019 (p.ex, legume ou xirasol).

IV – OUTRAS CUESTIÓNS A RECORDAR (V)

10. No caso de **raigraas entre cultivos** (sementado tras recoller o millo do verán de 2018 e recollido para sementar millo no 2019), declararase **produto 78**, que é o presente durante o periodo principal. Declárase como secundario o cultivo presente no verán do 2019 (millo p.ex.).

IV – OUTRAS CUESTIÓN S DE INTERESE (VI)

➤ **Novas capas dispoñibles en SGA.**

En 2019 disporase na aplicación SGA de novas capas de apoio ás declaracións:

- **Capa CFN-2018.** A capa está elaborada coa información da campaña 2018. A SGA dispón dunha validación específica que mediante un aviso permitirá evitar a continuidade declarativa con un barbeito SIE en 2019 logo dun CFN en 2018, que non resulta admisible.
- Capa de **superficies de pastos forestais queimados** en 2018.
- **Capa zonas C.P.** Conforme ao Anexo III da Orde.
- **Capa de MVMC.**

As tres últimas capas terán finalidade meramente informativa para os declarantes, e non emitirán avisos.

Grazas pola súa atención

saa.fogga@xunta.gal